## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

*ORDE do 20 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para actuacións encamiñadas á protección dos animais domésticos de compañía abandonados en Galicia e se convocan axudas para o ano 2025, destinadas ás entidades locais (código de procedemento MT811A).*

Son moitas as persoas que desfrutan da compañía do seu animal e non tomarían en consideración a posibilidade do seu abandono, porén, a convivencia entre persoas e animais non sempre é un éxito e ás veces fracasa por temas de incompatibilidade, descoñecemento sobre as implicacións prácticas de vivir cun animal e, nalgúns casos, unhas expectativas equivocadas sobre o comportamento animal.

Ben que aínda estamos lonxe de erradicar este problema, a sociedade está tornando cara a unha maior sensibilización sobre a tenza responsable dun animal de compañía, dando unha resposta positiva ante o abandono, como é a adopción dos animais que están nos centros de recollida para poñer así fin á súa situación. A isto hai que engadirlle que o abandono dos animais pode orixinar graves problemas de benestar animal, sanidade, seguridade pública e viaria e ambiente.

A protección e benestar dos animais de compañía regúlase en Galicia a través da Lei 4/2017, do 3 de outubro, e do Decreto 153/1998, do 2 de abril. Esta normativa recolle as mínimas atencións que deben recibir os animais, desde o punto de vista hixiénico-sanitario, co fin de garantirlles uns mínimos de bo trato, fixando como principio fundamental de protección o da posesión ou tenza responsable, así como os requisitos que deben cumprir os animais para a súa adopción, entre eles, que proveñan dun centro de recollida autorizado e que sexan entregados identificados e esterilizados. Así mesmo, a Lei 4/2017, do 3 de outubro, creou a figura das colonias felinas como un posible destino das comunidades de gatos sen propietario ou propietaria que viven na rúa, sempre que as condicións do contorno o permitan, co fin da súa protección e control poboacional.

Correspóndelles ás administracións locais a recollida de animais abandonados nos seus respectivos termos municipais, de acordo co establecido no artigo 22 da Lei 4/2017, do 3 de outubro. Para cumprir con esta encomenda lexislativa, as administracións locais poden prestar o servizo de recollida e acollemento por si mesmas ou asociadas, en réxime de xestión directa ou indirecta.

CVE-DOG: 2il4qkw3-yft4-ejj9-ykm2-zbzrusvda5i9

Ademais do anterior, a Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais, introduce novidades, en especial na obriga da identificación dos gatos, así como no control poboacional dos gatos comunitarios por parte das entidades locais mediante a xestión das colonias felinas, o que implicará un maior compromiso e demanda na atención aos animais abandonados, polo que cómpre facilitar o acceso ás liñas de axudas para así dar unha resposta axeitada ás novas necesidades.

Este novo contexto normativo de xestión das colonias felinas suporá un maior esforzo e intensidade na atención aos animais abandonados e que cómpre ter en conta naquelas situacións en que as entidades locais decidan incrementar o seu compromiso para atender e xestionar tanto os animais da especie canina como felina, ademais de facilitar o acceso ás liñas de axudas para así dar unha resposta axeitada ás novas necesidades.

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, de acordo co establecido no Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica, ten atribuídas, entre outras, as competencias relativas á aplicación de medidas de protección de animais domésticos e salvaxes en catividade en Galicia.

O réxime xeral das axudas e subvencións nas administracións públicas establécese nas disposicións básicas da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A nivel regulamentario, a norma principal constitúea o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Esta orde cumpre coas exixencias da citada normativa.

En virtude do anterior, en concordancia co disposto no artigo 27.15 do Estatuto de autonomía e en uso das atribucións que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e principios de aplicación*

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas para actuacións encamiñadas á protección dos animais domésticos de compañía abandonados en Galicia, relativas á atención e coidado dos animais domésticos de compañía que se atopen nos centros de recollida autorizados e/ou formen parten de colonias felinas reguladas na Lei 4/2017, do 3 de outubro, así como na Lei 7/2023, do 28 de marzo, e proceder á súa convocatoria para o ano 2025 (procedemento MT811A), destinadas ás entidades locais.

CVE-DOG: 2il4qkw3-yft4-ejj9-ykm2-zbzrusvda5i9

2. Para os efectos do disposto na epígrafe anterior, entenderanse por animais domésticos de compañía os pertencentes ás especies canina e felina, e por animal entregado en adopción o animal doméstico abandonado que foi cedido en adopción nun centro de recollida autorizado e que consta correctamente inscrito a nome da persoa adoptante no Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía (Regiac), segundo o recollido no artigo 4.7 da Lei 4/2017, do 3 de outubro.

3. Estas axudas tramitaranse en réxime de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, con eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos. Así mesmo, resultarán de aplicación os preceptos da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 2. *Actuacións subvencionables*

1. Serán actuacións subvencionables ao abeiro desta orde de axudas aquelas destinadas á atención e coidado dos animais domésticos de compañía que estean nos centros de recollida autorizados e/ou formen parte de colonias felinas reguladas no artigo 26 da Lei 4/2017, do 3 de outubro, relativas:

a) Aos gastos derivados do acto clínico para a esterilización cirúrxica dos animais coa dobre finalidade de evitar a súa reprodución incontrolada e a promoción da súa adopción.

b) Aos gastos derivados do acto clínico para a identificación animal mediante a implantación de microchip, correspondente inscrición no Regiac e expedición de pasaporte sanitario, de acordo co recollido na Lei 4/2017, do 3 de outubro, e na Lei 7/2023, do 28 de marzo.

c) Aos gastos derivados da manutención dos animais derivados da compra de alimento comercial seco e/ou húmido específico, coa finalidade de acadar un estado nutricional óptimo.

d) Aos gastos derivados da aplicación das medidas profilácticas necesarias para garantir o bo estado físico e sanitario do animal e a prevención de enfermidades infectocontaxiosas, relativos á vacinación preventiva e á desparasitación externa e interna dos animais.

2. Non será obxecto de subvención o imposto sobre o valor engadido (IVE).

CVE-DOG: 2il4qkw3-yft4-ej9-ykm2-zbzrusvda5i9

3. Para que os gastos recollidos nas letras a), c) e e) do número 1 deste artigo sexan subvencionables, os animais da especie felina deberán estar debidamente identificados consonte o disposto na Lei 4/2017, do 3 de outubro, e na Lei 7/2023, do 28 de marzo.

4. En todo caso, a contía da subvención non poderá ser nunca superior ao custo da acción subvencionable.

Artigo 3. *Ámbito temporal*

As axudas a que se refire esta orde comprenden os gastos subvencionables recollidos no artigo 2 que fosen efectivamente realizados no período comprendido entre o 1 de setembro de 2024 e o 31 de agosto de 2025.

Artigo 4. *Entidades beneficiarias*

Poderán ser beneficiarias destas axudas as entidades locais que no seu ámbito territorial correspondente presten o servizo de recollida e acollemento de animais e/ou a xestión de colonias felinas por si mesmas ou asociadas, en réxime de xestión directa ou indirecta mediante a súa contratación con empresas privadas autorizadas para ese fin.

En todo caso, o acollemento dos animais abandonados deberá realizarse en centros debidamente autorizados para tal fin ou nos fogares de acollida dependentes deles e/ou en colonias felinas, reguladas na Lei 4/2017, do 3 de outubro, e na Lei 7/2023, do 28 de marzo.

Tamén poderán ser beneficiarias as agrupacións de entidades locais (agrupación, asociación, mancomunidade, consorcio, fusión ou calquera outra similar).

Artigo 5. *Requisitos exixibles ás entidades beneficiarias*

1. As entidades beneficiarias deberán cumprir coas obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e non estar incursas en ningunha das circunstancias previstas no seu artigo 10. Igualmente, deben cumprir co deber previsto no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.

2. Non poderán obter a condición de beneficiarias as entidades que teñan sancións firmes en vía administrativa pendentes de pagamento por infraccións tipificadas na Lei 4/2017, do

CVE-DOG: 2il4qkw3-yft4-ejj9-ykm2-zbzrusvda5i9

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

3 de outubro, na Lei 7/2023, do 28 de marzo, ou na Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos.

Artigo 6. *Contía da axuda*

1. A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático poderá subvencionar as actuacións recollidas no artigo 2 nas seguintes contías máximas:

a) Gastos derivados do acto clínico veterinario da esterilización cirúrxica:

1º. Animais esterilizados da especie canina: ata un máximo de 50 €/animal.

2º. Animais esterilizados da especie felina: ata un máximo de 30 €/animal.

b) Gastos derivados do acto clínico veterinario para a identificación animal: ata un máximo de 20 €/animal identificado.

c) Gastos derivados da manutención dos animais derivados da compra de alimento comercial seco e/ou húmido específico:

1º. Animais da especie canina: ata un máximo de 20 €/animal

2º. Animais da especie felina: ata un máximo de 15 €/animal.

d) Gastos derivados da aplicación de medidas profilácticas: ata un máximo de 30 €/animal recollido nun centro autorizado ou nunha colonia felina das reguladas na Lei 4/2017, do 3 de outubro, e na Lei 7/2023, do 28 de marzo.

2. No caso de superación das dispoñibilidades orzamentarias, poderán axustarse as contías pro rata entre todas as entidades beneficiarias. O réxime de rateo farase atendendo á puntuación obtida no proceso de valoración.

3. A contía das axudas está condicionada, en todo caso, á existencia de dispoñibilidade orzamentaria.

Artigo 7. *Compatibilidade*

As axudas previstas nesta orde serán compatibles con outras subvencións de calquera outra Administración pública para as mesmas finalidades, sempre e cando a suma das

CVE-DOG: 2il4qkw3-yft4-ejj9-ykm2-zbzrusvda5i9

subvencións concedidas non supere o importe total dos gastos, conforme o establecido no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 8. *Solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, https://sede.xunta.gal

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que sexa realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (https://sede.xunta.gal/chave365).

2. As solicitudes dirixiranse á Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

3. A solicitude da axuda, segundo o anexo I desta orde (procedemento MT811A), inclúe as seguintes declaracións da entidade solicitante:

a) Declaración do total das solicitudes de axudas solicitadas ou concedidas, para o mesmo fin, das distintas administracións públicas.

b) Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

c) Declaración da conta para a transferencia bancaria.

d) Declaración de non estar incursa en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, nin en ningunha das situacións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

e) Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ter pendentes de pagamento débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

CVE-DOG: 2il4qkw3-yft4-ejj9-ykm2-zbzrusvda5i9

f) Declaración responsable de non ter sancións firmes en vía administrativa pendentes de pagamento por infraccións tipificadas na Lei 4/2017, do 3 de outubro, na Lei 7/2023, do 28 de marzo, ou na Lei 50/1999, do 23 de decembro.

g) Non estar incursa en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

h) Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

i) Declaración responsable de que a recollida de animais abandonados no ámbito territorial da entidade local se realiza ben de maneira directa ou ben mediante a contratación con empresas privadas autorizadas para ese fin (xestión indirecta).

Artigo 9. *Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 10. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Acreditación da persoa representante que asine a solicitude, por calquera dos medios sinalados no artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e do artigo 32 do Real decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.

b) Documentación que acredite a remisión das contas ao Consello de Contas pola entidade.

c) Acreditación fidedigna da relación entre a corporación local e a entidade que presta o servizo de recollida e tenza de animais abandonados e a súa duración, no suposto da-

CVE-DOG: 2il4qkw3-yft4-ejj9-ykm2-zbzrusvda5i9

quelas entidades locais que desenvolvan o servizo de recollida mediante xestión indirecta.

En caso de que a entidade local teña delegadas a súas competencias en materia de recollida, deberá achegarse a documentación que acredite tal delegación.

d) Certificado da entidade xestora do centro de recollida autorizado, segundo o modelo do anexo II-A desta orde, que inclúa os seguintes aspectos:

1º. Número de animais da especie canina que foron recollidos, por concello, no período comprendido entre o 1 de setembro de 2024 e o 31 de agosto de 2025.

2º. Número de animais da especie felina que foron recollidos, por concello, no período comprendido entre o 1 de setembro de 2024 e o 31 de agosto de 2025.

3º. Relación de fogares de acollida actualizada polos concellos e centros de recollida, segundo o disposto na Lei 4/2017, do 3 de outubro, se dispoñen de fogares de acollemento temporal de animais domésticos.

e) Certificado do persoal facultativo veterinario, segundo o modelo do anexo III-A, que preste os seus servizos para o centro de recollida, que deberá incluír a relación de animais con indicación da especie e número de microchip, no período comprendido entre o 1 de setembro de 2024 e o 31 de agosto de 2025, por concello, aos cales:

1º. Se lles practicou unha esterilización cirúrxica.

2º. Se lles implantou o microchip para a identificación, realizou a inscrición no Regiac e expediu o correspondente pasaporte sanitario.

f) Certificado da entidade xestora da colonia felina, segundo o modelo do anexo II-B desta orde, que inclúa os seguintes aspectos:

1º. Relación de colonias felinas, legalmente establecidas de acordo co estipulado na Lei 4/2017, do 3 de outubro, e na Lei 7/2023, do 28 de marzo, por concello, no período comprendido entre o 1 de setembro de 2024 e o 31 de agosto de 2025, indicando a localización de cada unha delas e a identificación da colonia.

2º. Número de animais da especie felina que forman parte de cada unha das colonias felinas, no período comprendido entre o 1 de setembro de 2024 e o 31 de agosto de 2025, por concello.

CVE-DOG: 2il4qkw3-yft4-ejj9-ykm2-zbzrusvda5i9

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

g) Certificado do persoal facultativo veterinario, segundo o modelo do anexo III-B, que preste os seus servizos para a entidade xestora da colonia felina, que deberá incluír os seguintes aspectos:

1º. Relación de animais da especie felina con indicación da colonia felina a que pertencen, tipo de marcaxe e/ou identificación realizada, no período comprendido entre o 1 de setembro de 2024 e o 31 de agosto de 2025, por concello, aos cales:

i. Se lles practicou unha esterilización cirúrxica.

ii. Se lles implantou o microchip para a identificación, realizou a inscrición no Regiac e expediu o correspondente pasaporte sanitario.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recadados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se poden obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que sexa realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

CVE-DOG: 2il4qkw3-yft4-ejj9-ykm2-zbzrusvda5i9

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

Artigo 11. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultaranse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

a) NIF da entidade solicitante.

b) DNI ou NIE da persoa representante.

c) Certificado de estar ao día no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.

d) Certificado de estar ao día no cumprimento das obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).

e) Certificado de estar ao día no cumprimento das obrigas coa Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia.

f) A inscrición no Rexistro Galego de Núcleos Zoolóxicos (Reganuz) da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

g) Non ter sancións firmes en vía administrativa pendentes de pagamento por infraccións tipificadas na Lei 4/2017, do 3 de outubro, na Lei 7/2023, do 28 de marzo, ou na Lei 50/1999, do 23 de decembro,

h) Concesións de subvencións e axudas.

i) Inhabilitacións para obter subvencións e axudas.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

CVE-DOG: 2il4qkw3-yft4-ejj9-ykm2-zbzrusvda5i9

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 12. *Notificación*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 13. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación das solicitudes será desde o día seguinte ao de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* ata o 12 de setembro de 2025.

CVE-DOG: 2il4qkw3-yft4-ej9-ykm2-zbzrusvda5i9

Artigo 14. *Criterios de valoración*

Os criterios de valoración para o outorgamento das axudas serán os seguintes:

| Nº | Criterio de valoración | Puntos |
|---|---|---|
| 1 | Número de animais recollidos no ámbito territorial da entidade solicitante e admitidos nun centro autorizado e/ou incluídos nunha colonia felina no período comprendido entre o 1 de setembro de 2024 e o 31 de agosto de 2025 | Ata 20 |
| 2 | Poboación albo sobre a que actúa a entidade solicitante:<br>• Ata 10.000 habitantes: 5 puntos<br>• Máis de 10.000 e menos de 100.000 habitantes: 7 puntos<br>• Máis de 100.000 habitantes: 10 puntos | Ata 10 |
| 3 | Solicitudes presentadas conxuntamente por máis dunha entidade local baixo calquera fórmula (agrupación, asociación, mancomunidade, fusión ou calquera outra similar) | 25 |
| 4 | Non ter percibido axudas na convocatoria inmediatamente anterior para actuacións encamiñadas á protección dos animais domésticos de compañía abandonados en Galicia | 5 |
| 5 | Dispor dunha relación actualizada de fogares de acollida por parte dos concellos e centros de recollida | 10 |

En caso de empate na puntuación obtida, este resolverase tendo en conta a valoración no criterio número 1. De persistir o empate, atenderase á cualificación no criterio número 4. Se así e todo continúa a igualdade, dirimirase o empate a favor da entidade solicitante que actúa sobre a maior poboación albo.

Artigo 15. *Tramitación*

1. As solicitudes remitiranse á Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. O Servizo de Conservación da Biodiversidade examinará e revisará a documentación adxunta que se especifica no artigo 10 desta orde.

2. No caso de que fosen detectados erros ou omisións, requirirase a entidade solicitante para que, no prazo de dez (10) días hábiles contados desde o seguinte ao de recepción do requirimento, emende ou complete a solicitude, coa indicación de que, se non o fai así, se terá por desistida da súa petición logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, de conformidade co establecido nos artigos 45 e 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, os requirimentos de emenda das solicitudes realizarase mediante a súa publicación na páxina web da Consellería

CVE-DOG: 2il4qkw3-yft4-ejj9-ykm2-zbzrusvda5i9

de Medio Ambiente e Cambio Climático, (https://medioambiente.xunta.gal/seccion-tema/c/CMAOT_Conservacion?content=Direccion_Xeral_Conservacion_Natureza/Animais_domesticos_e_salvaxes/seccion.html&std=Axudas_proteccion__animais_de_compania_abandonados.html), a cal producirá os mesmos efectos que a devandita notificación.

Non obstante, a publicación na páxina web poderá ser substituída pola súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, se así o considera oportuno o órgano instrutor.

3. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución poderáselle requirir á entidade que achegue a información e documentación complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación e comprobación da solicitude presentada.

4. O Servizo de Conservación da Biodiversidade emitirá informes á Subdirección Xeral de Biodiversidade e de Recursos Cinexéticos e Piscícolas para que esta continúe coa súa tramitación.

5. Unha vez recibidos os informes do Servizo de Conservación da Biodiversidade, a Subdirección Xeral de Biodiversidade e de Recursos Cinexéticos e Piscícolas, como órgano instrutor, realizará as propostas de resolución das solicitudes á Dirección Xeral de Patrimonio Natural ata esgotar o crédito consignado para o efecto. Non obstante, no caso de superación das dispoñibilidades orzamentarias poderán axustarse as contías pro rata entre todas as entidades beneficiarias. O réxime de rateo farase atendendo á puntuación obtida no proceso de valoración.

Artigo 16. *Resolución e recursos*

1. De conformidade co establecido no artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a competencia para a concesión das axudas reguladas nesta orde correspóndelle á persoa titular da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. A resolución que poña fin ao procedemento será motivada con suxeición ao establecido nas bases reguladoras desta orde.

2. O prazo máximo para resolver será de tres meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación das solicitudes. Transcorrido o prazo sen que se ditase resolución expresa, as entidades poderán entender desestimada a súa solicitude, nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

CVE-DOG: 2il4qkw3-yft4-ejj9-ykm2-zbzrusvda5i9

3. A resolución ditada, segundo o disposto no número 1 deste artigo, porá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, no prazo de un mes a partir da notificación da resolución, ou ben impugnala directamente diante do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses se a resolución fose expresa, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

4. En ningún caso se concederán aboamentos á conta ou pagamentos anticipados.

Artigo 17. *Aceptación da axuda concedida*

O outorgamento da subvención debe ser aceptado pola entidade beneficiaria no prazo máximo de dez (10) días desde a súa notificación, coas condicións específicas recollidas nesta orde. No caso de que a entidade beneficiaria non comunique a súa aceptación dentro do prazo indicado, considerarase que se entende tacitamente aceptada a axuda concedida.

Artigo 18. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que estean vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 19. *Publicidade*

1. No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución das concesións, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación de subvencións concedidas, con indicación da norma reguladora, entidade beneficiaria, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

2. Non obstante o anterior, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 euros, non será necesaria a publi-

CVE-DOG: 2il4qkw3-yft4-ejj9-ykm2-zbzrusvda5i9

cación no *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

Artigo 20. *Rexistro Público de Subvencións*

1. A concesión das axudas reguladas nesta orde será obxecto de inscrición no Rexistro Público de Axudas, Subvencións, Convenios e de Sancións dependente da Consellería de Facenda, e Administración Pública co fin da ordenación e coñecemento da actividade subvencionable en Galicia. Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

2. As entidades interesadas terán, en calquera momento, o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos seus datos que figuren no Rexistro Público de Subvencións, de conformidade co establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

3. A solicitude para ser entidade beneficiaria das axudas incluídas nesta orde, levará implícita a autorización, no suposto de que se lle conceda a axuda solicitada, para a inscrición, no Rexistro Público de Axudas, Subvencións, Convenios e de Sancións dependente da Consellería de Facenda e Administración Pública, dos datos facilitados á Xunta de Galicia na solicitude. Non obstante, as entidades solicitantes poderán denegar expresamente o seu consentimento á inscrición dos seus datos no Rexistro Público de Subvencións cando concorra algunha das circunstancias previstas na letra d) do número 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 21. *Xustificación dos gastos realizados*

1. O pagamento da cantidade adxudicada a cada entidade beneficiaria queda condicionado á xustificación dos gastos obxecto de subvención.

2. O prazo máximo para presentar a xustificación dos gastos realizados rematará o día 17 de novembro de 2025. As entidades beneficiarias deberán presentar da forma indicada no artigo 8 desta orde a seguinte documentación:

a) Solicitude de pagamento, segundo o anexo IV desta orde, que inclúe unha declaración complementaria relativa á obtención doutras subvencións, ingresos ou recursos que

CVE-DOG: 2il4qkw3-yft4-ejj9-ykm2-zbzrusvda5i9

financien as actividades subvencionadas, así como calquera circunstancia que poida afectar substancialmente a execución ou a consecución dos fins para os cales foi concedida a axuda de que se trate.

b) No caso das entidades que presten o servizo de recollida mediante o sistema de xestión directa, deberán achegarse:

1º. Copias das nóminas do persoal facultativo, contratado pola entidade solicitante e das facturas de adquisición do material empregado nas actuacións clínicas de esterilización cirúrxica, identificación dos animais, aplicación de medidas profilácticas ou da compra de alimento, emitidas a nome da entidade solicitante ou ben,

2º. Copias das facturas emitidas polos servizos veterinarios externos relativos ás actuacións clínicas de esterilización cirúrxica, identificación e aplicación de medidas profilácticas, emitidas a nome da entidade solicitante.

En todo caso, as facturas virán acompañadas da xustificación do pagamento efectivo dos gastos en que se incorreu, a través da copia da transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto de pagamento.

c) No caso das entidades que presten o servizo de recollida en réxime de xestión indirecta mediante a contratación con empresas privadas autorizadas para a xestión da recollida de animais abandonados nun centro autorizado, ou nos fogares de acollida dependentes del, e/ou a xestión de colonias felinas deberá achegarse:

1º. Unha memoria xustificativa da entidade xestora do centro de recollida autorizado e/ou colonia felina, onde se detallen as actividades obxecto de subvención realizadas.

2º. Copias das facturas emitidas pola entidade xestora contratada (no suposto de que a prestación do servizo se realice mediante entidades contratadas para a xestión da recollida de animais abandonados nun centro autorizado, ou nos fogares de acollida dependentes del, e/ou a xestión de colonias felinas), onde se detallen os importes correspondentes á esterilización cirúrxica e identificación dos animais, e aplicación de medidas profilácticas emitidas a nome da entidade solicitante.

En todo caso, as facturas virán acompañadas da xustificación do pagamento efectivo dos gastos en que se incorreu, a través da copia da transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto de pagamento.


XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

Artigo 22. *Pagamento*

1. O pagamento corresponderase co importe da axuda aprobada e debidamente xustificada. Non obstante, excepcionalmente, por resolución da persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, poderá subvencionarse só unha parte das actuacións aprobadas sempre que se xustifique documentalmente o motivo de non ter realizado o total do gasto, e que a parte executada constitúa unha unidade operativa independente.

2. Para o pagamento da axuda será imprescindible que as persoas beneficiarias estean ao día nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non teñan pendente de pagamento ningunha outra débeda por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma. De acordo co establecido no artigo 11, o órgano xestor das axudas poderá obter dos organismos competentes as citadas certificacións.

3. O pagamento das axudas efectuarase mediante transferencia na conta bancaria indicada na solicitude.

Artigo 23. *Crédito orzamentario*

1. Esta convocatoria de axudas tramítase de acordo co establecido no artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto. Por iso, a súa eficacia queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o próximo ano 2025, no momento da resolución.

2. As axudas concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 06.04.541B.460.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, mediante concorrencia competitiva.

3. O importe máximo das axudas que se conceden no antedito exercicio orzamentario ascenderá a 850.000 €.

4. O importe consignado, así como a aplicación a que se impute, poderá ser ampliado en función das dispoñibilidades orzamentarias, sen que iso dea lugar á apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes, salvo indicación expresa en contrario na orde que se publique para os efectos. En todo caso, a concesión das axudas estará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución da concesión.

CVE-DOG: 2il4qkw3-yft4-ej9-ykm2-zbzrusvda5i9

5. A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático poderá aumentar o orzamento dispoñible para o financiamento desta orde, cando o incremento derive:

a) Dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito.

b) Da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

c) Dunha transferencia de crédito se o procedemento de concesión da subvención é o previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

d) No suposto previsto no artigo 25.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 24. *Modificación das actividades subvencionadas*

Calquera modificación que se pretenda realizar nas actividades aprobadas, tanto no referente ao orzamento aprobado como ás distintas partidas que o compoñen, requirirá a aceptación expresa e previa da persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, por delegación da persoa titular da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. Para tal efecto, realizarase unha proposta de modificación xustificada, que se deberá presentar con quince días hábiles de anticipación á súa realización.

Artigo 25. *Control das actividades subvencionadas*

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático poderá, en calquera momento, inspeccionar e controlar o destino das axudas e o cumprimento dos fins para os cales foron concedidas. En consecuencia, os servizos da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático poderán solicitar, en calquera momento da tramitación do procedemento, canta documentación se considere necesaria para comprobar a adecuada execución das actividades que foron obxecto das axudas, consonte o establecido no artigo 30.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 26. *Disposicións xerais*

1. O réxime de infraccións e sancións aplicable será o establecido no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

CVE-DOG: 2il4qkw3-yft4-ejj9-ykm2-zbzrusvda5i9

2. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

3. As entidades beneficiarias están obrigadas a someterse ás actuacións de comprobación e control que poidan efectuar os servizos competentes da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, así como a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como a que lles requira calquera órgano comunitario de inspección ou control, de acordo co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

4. Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación do cumprimento do proxecto, das condicións impostas na resolución de concesión, das obrigas contidas nestas bases reguladoras, das obrigas contidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar a devolver total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a perda do dereito de cobramento da subvención e para facer efectiva a devolución a que se refire o parágrafo anterior será o establecido no título II da Lei 9/2017, do 13 de xuño.

5. Procederá a revogación das axudas concedidas, así como o reintegro total ou parcial das contías percibidas e a exixencia dos xuros de demora, de acordo co establecido no artigo 36 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, nos casos e termos previstos no seu artigo 33.

Disposición adicional única. *Delegación de competencias*

Autorízase expresamente a persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural para actuar por delegación da persoa titular da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das subvencións previstas nesta orde.

Así mesmo, deléganse na persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural as facultades relativas aos procedementos de reintegro sinaladas no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CVE-DOG: 2il4qkw3-yft4-ejj9-ykm2-zbzrusvda5i9

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento*

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural para que dite, no ámbito das súas competencias, as instrucións necesarias para o cumprimento do establecido nesta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2024

Ángeles Vázquez Mejuto
Conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático



XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

ANEXO I

| PROCEDEMENTO | CÓDIGO DE PROCEDEMENTO | DOCUMENTO |
|---|---|---|
| AXUDAS PARA ACTUACIÓNS ENCAMIÑADAS Á PROTECCIÓN DOS ANIMAIS DE COMPAÑÍA ABANDONADOS EN GALICIA DESTINADAS ÁS ENTIDADES LOCAIS | MT811A | SOLICITUDE |

**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

| ENTIDADE LOCAL | NIF |
|---|---|
| | |

| CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA |
|---|---|
| | |

**E NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

| NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
|---|---|---|---|
| | | | |

| EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA) |
|---|
| |

**DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - Notifica.gal (https://notifica.xunta.gal).
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:

| PREFIXO | TELÉFONO | CORREO ELECTRÓNICO |
|---|---|---|
| | | |

**DATOS BANCARIOS**

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

| TITULAR DA CONTA | NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS) | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | IBAN | | | | | | |

CVE-DOG: 2il4qkw3-yft4-ejj9-ykm2-zbzrusvda5i9

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

ANEXO I
(continuación)

## A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:
   - ○ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
   - ○ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

| ORGANISMO | IMPORTE (€) |
|---|---|
| | |
| | |
| | |

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Non estar incursa en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
4. Non estar incursa en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Non ter sancións firmes en vía administrativa pendentes de pagamento por infraccións tipificadas na Lei 4/2017, do 3 de outubro, na Lei 7/2023, do 28 de marzo, ou na Lei 50/1999, do 23 de decembro.
7. Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ter pendentes de pagamento débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
8. Que a recollida de animais abandonados no ámbito territorial da entidade local realízase:
   - ☐ Directamente
   - ☐ Mediante a súa contratación con empresas privadas autorizadas para ese fin (xestión indirecta)

| NOME DA EMPRESA | NIF | Nº REXISTRO DO CENTRO DE RECOLLIDA AUTORIZADO |
|---|---|---|
| | | |
| | | |
| | | |

## DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

- ☐ Anexo II-A. Certificado da entidade xestora do centro de recollida autorizado.
- ☐ Anexo III-A. Certificado do persoal facultativo veterinario que presta os seus servizos para a entidade xestora do centro de recollida autorizado.
- ☐ Anexo II-B. Certificado da entidade xestora da colonia felina.
- ☐ Anexo III-B. Certificado do persoal facultativo veterinario que presta os seus servizos para a entidade xestora da colonia felina.
- ☐ Documentación que acredite a remisión das contas ao Consello de Contas pola entidade.
- ☐ Acreditación fidedigna da relación entre a corporación local e a entidade que presta o servizo de recollida e tenza de animais abandonados (cando proceda).
- ☐ Acreditación da delegación das competencias para a recollida de animais abandonados.

| | ÓRGANO | CÓD. PROC. | ANO |
|---|---|---|---|
| ☐ Documento acreditativo da representación por calquera dos medios sinalados no artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e do artigo 32 do Real decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos. | | | |

CVE-DOG: 2il4qkw3-yft4-ejj9-ykm2-zbzrusvda5i9

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

**ANEXO I**
**(continuación)**

COMPROBACIÓN DE DATOS

| | |
|---|---|
| **Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.** | **OPÓÑOME Á CONSULTA** |
| DNI/NIE da persoa representante | ☐ |
| Certificado de estar ao día no cumprimento de obrigas coa Seguridade Social | ☐ |
| Certificado de estar ao día no cumprimento de obrigas coa Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia | ☐ |
| Certificado de estar inscrito no Rexistro Galego de Núcleos Zoolóxicos (Reganuz) da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático | ☐ |
| Non ter sancións firmes en vía administrativa pendentes de pagamento por infraccións tipificadas na Lei 4/2017, do 3 de outubro, na Lei 7/2023, do 28 de marzo, ou na Lei 50/1999, do 23 de decembro | ☐ |
| Concesións de subvencións e axudas | ☐ |
| Inhabilitacións para obter subvencións e axudas | ☐ |
| **CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS**<br>**A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.** | **AUTORIZO A CONSULTA** |
| NIF da entidade solicitante | ○ Si ○ Non |
| Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT | ○ Si ○ Non |

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

| | |
|---|---|
| Responsable do tratamento | Xunta de Galicia. Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. |
| Finalidades do tratamento | Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo. |
| Lexitimación para o tratamento | O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1, letras c) e e), do RXPD, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. |
| Destinatarias dos datos | As administracións públicas no exercicio das súas competencias. |
| Exercicio de dereitos | As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos). |
| Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información | (https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos) |



XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

ANEXO I
(continuación)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Orde do 20 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para actuacións encamiñadas á protección dos animais domésticos de compañía abandonados en Galicia e se convocan axudas para o ano 2025, destinadas ás entidades locais (código de procedemento MT811A).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

______ , ______ de ______ de ______

Dirección Xeral de Patrimonio Natural

CVE-DOG: 2il4qkw3-yft4-ejj9-ykm2-zbzrusvda5i9

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

ANEXO II-A

**CERTIFICADO DA ENTIDADE XESTORA DO CENTRO DE RECOLLIDA AUTORIZADO**

**DATOS DA ENTIDADE XESTORA**

**IDENTIFICACIÓN**

TIPO | NÚM. | PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO

**ENDEREZO**

PAÍS: ESPAÑA

TIPO | NOME DA VÍA | NÚM. | BLOQ. | ANDAR | PORTA

CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE

PARROQUIA | LUGAR

**CONTACTO**

PREFIXO | TELÉFONO 1 | PREFIXO | TELÉFONO 2

CORREO ELECTRÓNICO

**E NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito) **IDENTIFICACIÓN**

TIPO | NÚM. | PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO

**IDENTIFICACIÓN DO ESTABLECEMENTO DE ANIMAIS ABANDONADOS EN QUE SE REALIZA A RECOLLIDA DE ANIMAIS ABANDONADOS**

CÓDIGO REXISTRO DO NÚCLEO ZOOLÓXICO (REGANUZ) | DENOMINACIÓN

ENDEREZO | CÓDIGO POSTAL | CONCELLO

**DATOS DE ANIMAIS ABANDONADOS RECOLLIDOS ENTRE O 1 DE SETEMBRO DE 2024 E O 31 DE AGOSTO DE 2025**

CONCELLO DE:

| | ESPECIE CANINA | ESPECIE FELINA |
|---|---|---|
| NÚMERO TOTAL DE ANIMAIS RECOLLIDOS NO CONCELLO (1.9.2024 a 31.8.2025) | | |
| Nº DE ANIMAIS RECOLLIDOS NO PERÍODO QUE SON RECUPERADOS POLAS PERSOAS PROPIETARIAS | | |

CONCELLO DE:

| | ESPECIE CANINA | ESPECIE FELINA |
|---|---|---|
| NÚMERO TOTAL DE ANIMAIS RECOLLIDOS NO CONCELLO (1.9.2024 a 31.8.2025) | | |
| Nº DE ANIMAIS RECOLLIDOS NO PERÍODO QUE SON RECUPERADOS POLAS PERSOAS PROPIETARIAS | | |

CVE-DOG: 2il4qkw3-yft4-ej9-ykm2-zbzrusvda5i9

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

ANEXO II-A
(continuación)

**DATOS DE ANIMAIS ABANDONADOS RECOLLIDOS ENTRE O 1 DE SETEMBRO DE 2024 E O 31 DE AGOSTO DE 2025** (continuación)

CONCELLO DE:

| | ESPECIE CANINA | ESPECIE FELINA |
|---|---|---|
| NÚMERO TOTAL DE ANIMAIS RECOLLIDOS NO CONCELLO (1.9.2024 a 31.8.2025) | | |
| Nº DE ANIMAIS RECOLLIDOS NO PERÍODO QUE SON RECUPERADOS POLAS PERSOAS PROPIETARIAS | | |

CONCELLO DE:

| | ESPECIE CANINA | ESPECIE FELINA |
|---|---|---|
| NÚMERO TOTAL DE ANIMAIS RECOLLIDOS NO CONCELLO (1.9.2024 a 31.8.2025) | | |
| Nº DE ANIMAIS RECOLLIDOS NO PERÍODO QUE SON RECUPERADOS POLAS PERSOAS PROPIETARIAS | | |

CONCELLO DE:

| | ESPECIE CANINA | ESPECIE FELINA |
|---|---|---|
| NÚMERO TOTAL DE ANIMAIS RECOLLIDOS NO CONCELLO (1.9.2024 a 31.8.2025) | | |
| Nº DE ANIMAIS RECOLLIDOS NO PERÍODO QUE SON RECUPERADOS POLAS PERSOAS PROPIETARIAS | | |

**RELACIÓN DE FOGARES DE ACOLLIDA ACTUALIZADA**

CONCELLO DE:

RELACIÓN DE FOGARES:

CONCELLO DE:

RELACIÓN DE FOGARES:

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

| | |
|---|---|
| Responsable do tratamento | Xunta de Galicia. Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. |
| Finalidades do tratamento | Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo. |
| Lexitimación para o tratamento | O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXPD, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. |
| Destinatarias dos datos | As administracións públicas no exercicio das súas competencias. |
| Exercicio de dereitos | As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos |
| Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información | https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos |

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE DA ENTIDADE XESTORA**

Lugar e data

, de de

CVE-DOG: 2il4qkw3-yft4-ejj9-ykm2-zbzrusvda5i9

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

ANEXO II-B

**CERTIFICADO DA ENTIDADE XESTORA DA COLONIA FELINA**

**DATOS DA ENTIDADE XESTORA**

**IDENTIFICACIÓN**

| TIPO | NÚM. | PAÍS EMISOR |
|---|---|---|
| | | |

| NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO |
|---|---|---|
| | | |

**ENDEREZO**

PAÍS: ESPAÑA

| TIPO | NOME DA VÍA | NÚM. | BLOQ. | ANDAR | PORTA |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | |

| CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE |
|---|---|---|---|
| | | | |

| PARROQUIA | LUGAR |
|---|---|
| | |

**CONTACTO**

| PREFIXO | TELÉFONO 1 | PREFIXO | TELÉFONO 2 |
|---|---|---|---|
| | | | |

CORREO ELECTRÓNICO

**E NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

**IDENTIFICACIÓN**

| TIPO | NÚM. | PAÍS EMISOR |
|---|---|---|
| | | |

| NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO |
|---|---|---|
| | | |

**RELACIÓN DE COLONIAS FELINAS LEGALMENTE ESTABLECIDAS ENTRE O 1 DE SETEMBRO DE 2024 E O 31 DE AGOSTO DE 2025**

CONCELLO DE:

| DATA DE CREACIÓN (aproximada) | LOCALIZACIÓN | CÓDIGO POSTAL | IDENTIFICACIÓN COLONIA |
|---|---|---|---|
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |

CVE-DOG: 2il4qkw3-yft4-ej9-ykm2-zbzrusvda5i9

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

ANEXO II-B
(continuación)

**RELACIÓN DE ANIMAIS PRESENTES DAS COLONIAS FELINAS ENTRE O 1 DE SETEMBRO DE 2024 E O 31 DE AGOSTO DE 2025**

| IDENTIFICACIÓN DA COLONIA | SEXO (FEMIAS/MACHOS) | NÚMERO DE ANIMAIS ACTUAL | NÚMERO DE ANIMAIS PRESENTES EN 1 DE SETEMBRO DE 2024 |
|---|---|---|---|
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

| | |
|---|---|
| Responsable do tratamento | Xunta de Galicia. Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. |
| Finalidades do tratamento | Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo. |
| Lexitimación para o tratamento | O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXPD, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. |
| Destinatarias dos datos | As administracións públicas no exercicio das súas competencias. |
| Exercicio de dereitos | As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos |
| Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información | https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos |

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE DA ENTIDADE XESTORA**

Lugar e data

_______________ , ______ de ____________ de ______

CVE-DOG: 2il4qkw3-yft4-ejj9-ykm2-zbzrusvda5i9

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

ANEXO III-A

**CERTIFICADO DO PERSOAL FACULTATIVO VETERINARIO SOBRE OS SERVIZOS PRESTADOS PARA O CENTRO DE RECOLLIDA**

**DATOS DO PERSOAL FACULTATIVO VETERINARIO RESPONSABLE**

**IDENTIFICACIÓN**

TIPO | NÚM. | PAÍS EMISOR

NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO

NÚMERO DE COLEXIADO

**ENDEREZO**

PAÍS

ESPAÑA

TIPO | NOME DA VÍA | NÚM. | BLOQ. | ANDAR | PORTA

CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE

PARROQUIA | LUGAR

**CONTACTO**

PREFIXO | TELÉFONO 1 | PREFIXO | TELÉFONO 2

CORREO ELECTRÓNICO

**IDENTIFICACIÓN DO ESTABLECEMENTO DE ANIMAIS ABANDONADOS PARA O CAL SE REALIZARON OS SERVIZOS VETERINARIOS DETALLADOS**

CÓDIGO REXISTRO DO NÚCLEO ZOOLÓXICO (REGANUZ) | DENOMINACIÓN

ENDEREZO | CÓDIGO POSTAL | CONCELLO

**DATOS DE SERVIZOS VETERINARIOS REALIZADOS ENTRE O 1 DE SETEMBRO DE 2024 E O 31 DE AGOSTO DE 2025 POR CONCELLO**

CONCELLO DE:

| | NÚMERO ANIMAIS ESTERILIZADOS CIRURXICAMENTE | Nº ANIMAIS IDENTIFICADOS |
|---|---|---|
| ESPECIE CANINA | | |
| ESPECIE FELINA | | |

CVE-DOG: 2il4qkw3-yft4-ejj9-ykm2-zbzrusvda5i9

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

ANEXO III-A
(continuación)

**RELACIÓN DETALLADA DE SERVIZOS VETERINARIOS REALIZADOS ENTRE O 1 DE SETEMBRO DE 2024 E O 31 DE AGOSTO DE 2025**

CONCELLO DE:

| DATOS INDIVIDUAIS DOS ANIMAIS | | | | SERVIZOS VETERINARIOS PRESTADOS ENTRE O 1 DE SETEMBRO DE 2024 E O 31 DE AGOSTO DE 2025 | |
|---|---|---|---|---|---|
| ESPECIE | RAZA | SEXO | Nº MICROCHIP | ESTERILIZACIÓN (indíquese data) | IDENTIFICACIÓN: implantación microchip, inscrición no Regiac e expedición do pasaporte (indíquese data) |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

| | |
|---|---|
| Responsable do tratamento | Xunta de Galicia. Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. |
| Finalidades do tratamento | Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo. |
| Lexitimación para o tratamento | O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXPD, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. |
| Destinatarias dos datos | As administracións públicas no exercicio das súas competencias. |
| Exercicio de dereitos | As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos |
| Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información | https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos |

**SINATURA DO PERSOAL FACULTATIVO VETERINARIO RESPONSABLE**

Lugar e data

________ , ____ de ________ de ____

CVE-DOG: 2il4qkw3-yft4-ejj9-ykm2-zbzrusvda5i9

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

ANEXO III-B

**CERTIFICADO DO PERSOAL FACULTATIVO VETERINARIO DOS SERVIZOS PRESTADOS PARA A ENTIDADE XESTORA DA COLONIA FELINA**

**DATOS DO PERSOAL FACULTATIVO VETERINARIO RESPONSABLE**

**IDENTIFICACIÓN**

| TIPO | NÚM. | PAÍS EMISOR |
|---|---|---|
| | | |

| NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO |
|---|---|---|
| | | |

| NÚMERO DE COLEXIADO |
|---|
| |

**ENDEREZO**

| PAÍS |
|---|
| ESPAÑA |

| TIPO | NOME DA VÍA | NÚM. | BLOQ. | ANDAR | PORTA |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | |

| CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE |
|---|---|---|---|
| | | | |

| PARROQUIA | LUGAR |
|---|---|
| | |

**CONTACTO**

| PREFIXO | TELÉFONO 1 | PREFIXO | TELÉFONO 2 |
|---|---|---|---|
| | | | |

| CORREO ELECTRÓNICO |
|---|
| |

**RELACIÓN DETALLADA DOS SERVIZOS VETERINARIOS REALIZADOS ENTRE O 1 DE SETEMBRO DE 2024 E O 31 DE AGOSTO DE 2025**

| CONCELLO DE: | |
|---|---|

| DATOS DOS ANIMAIS | | | | SERVIZOS VETERINARIOS PRESTADOS ENTRE O 1 DE SETEMBRO DE 2024 E O 31 DE AGOSTO DE 2025 | |
|---|---|---|---|---|---|
| IDENTIFICACIÓN DA COLONIA | RAZA | SEXO | Nº MICROCHIP/ IDENTIFICACIÓN /NOME | ESTERILIZACIÓN (indíquese data) | IDENTIFICACIÓN: implantación microchip, inscrición no Regiac e expedición do pasaporte (indíquese data) |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |

CVE-DOG: 2il4qkw3-yft4-ejj9-ykm2-zbzrusvda5i9

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

ANEXO III-B
(continuación)

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

| | |
|---|---|
| Responsable do tratamento | Xunta de Galicia. Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. |
| Finalidades do tratamento | Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo. |
| Lexitimación para o tratamento | O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXPD, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. |
| Destinatarias dos datos | As administracións públicas no exercicio das súas competencias. |
| Exercicio de dereitos | As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos |
| Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información | https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos |

**SINATURA DO PERSOAL FACULTATIVO VETERINARIO RESPONSABLE**

Lugar e data

__________ , ____ de ________ de _____

CVE-DOG: 2il4qkw3-yft4-ejj9-ykm2-zbzrusvda5i9

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

ANEXO IV

**XUSTIFICACIÓN E SOLICITUDE DE PAGAMENTO**

MT811A - AXUDAS PARA ACTUACIÓNS ENCAMIÑADAS Á PROTECCIÓN DOS ANIMAIS DE COMPAÑÍA ABANDONADOS EN GALICIA

**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

| ENTIDADE LOCAL | NIF |
|---|---|
| | |

**E NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberase acreditar a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

| NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
|---|---|---|---|
| | | | |

EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)

**SOLICITA**

O pagamento do importe correspondente á axuda concedida, para o cal presenta a documentación xustificativa que se relaciona a seguir.

**A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA**

Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

◯ Non se lle concedeu ningunha outra axuda (subvención, ingreso ou recurso) que financie as actividades subvencionadas.

◯ Si se lle concederon outras axudas (subvencións, ingresos ou recursos) que financien as actividades subvencionadas, que son as que a seguir se relacionan:

| ORGANISMO | IMPORTE (€) |
|---|---|
| | |
| | |
| | |

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA**

No caso de entidades que presten o servizo de recollida mediante un sistema de xestión directa, achegarán:

- ☐ Copias das nóminas do persoal facultativo contratado pola entidade solicitante e das facturas de adquisición do material empregado nas actuacións clínicas de esterilización cirúrxica, identificación dos animais, aplicación de medidas profilácticas ou da compra de alimento, emitidas a nome da entidade solicitante.
- ☐ Copias das facturas emitidas polos servizos veterinarios externos relativos ás actuacións clínicas de esterilización cirúrxica, identificación e aplicación de medidas profilácticas, emitidas ao nome da entidade solicitante
- ☐ Xustificantes do pagamento dos gastos: copia da transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto do pagamento.

No caso de entidades que presten o servizo de recollida en réxime de xestión indirecta mediante a contratación con empresas privadas autorizadas, achegarán:

- ☐ Memoria xustificativa da entidade xestora do centro de recollida autorizado e/ou colonia felina, onde se detallen as actividades obxecto de subvención realizadas.
- ☐ Copias das facturas emitidas pola entidade xestora contratada (no suposto de que a prestación do servizo se realice mediante entidades contratadas para a xestión da recollida de animais abandonados nun centro autorizado ou nos fogares de acollida dependentes del, e/ou a xestión de colonias felinas) onde se detallen os importes correspondentes á esterilización cirúrxica e á identificación dos animais, emitidas a nome da entidade solicitante.
- ☐ Xustificantes do pagamento: copia da transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto do pagamento.

CVE-DOG: 2il4qkw3-yft4-ejj9-ykm2-zbzrusvda5i9

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

ANEXO IV
(continuación)

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

| | |
|---|---|
| Responsable do tratamento | Xunta de Galicia. Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. |
| Finalidades do tratamento | Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo. |
| Lexitimación para o tratamento | O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXPD, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. |
| Destinatarias dos datos | As administracións públicas no exercicio das súas competencias. |
| Exercicio de dereitos | As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser p caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos |
| Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información | https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos |

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data

______________ , ______ de ____________ de ______

Dirección Xeral de Patrimonio Natural

CVE-DOG: 2il4qkw3-yft4-ejj9-ykm2-zbzrusvda5i9